

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NO XEODESTINO COMARCA DE LUGO-TERRAS DA ULLOA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Comarca de Lugo-Terras da Ulloa que inclúe a realización das actuacións nas seguintes liñas de acción:

		ORZAMENTO	ATG	ENTIDADE BENEFICIARIA
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO</b>				
<b>Actividade B.1</b>	Programa de turismo activo e solidario na Galicia interior: rutas de marcha nórdica e sendeirismo en Friol	3.000,00€	2.400,00€	600,00€
<b>Actividade B.2</b>	Promoción do Xeodestino na feira internacional de turismo - FITUR	750,00€	600,00€	150,00€
<b>Actividade B.3</b>	Talento, tradición e vangarda: poñendo en valor o patrimonio do Xeodestino Comarca de Lugo – Terras da Ulloa	3.000,00€	2.400,00€	600,00€
<b>Actividade B.4</b>	Promoción do Xeodestino durante o eclipse solar de agosto	2.000,00€	1.600,00€	400,00€
<b>Actividade B.5</b>	Certificación da Comarca de Lugo-Terras da Ulloa como "destino turístico starlight"	15.500,00€	12.400,00€	3.100,00€
<b>Actividade B.6</b>	Experiencia turística gastronómica do Xeodestino	600,00€	480,00€	120,00€
<b>Actividade B.7</b>	Promoción da guía turística elaborada polo Xeodestino a través dun recoñecido influencer que realizará a ruta e promocionará nas redes sociais	4.000,00€	3.200,00€	800,00€



<b>Actividade B.8</b>	Merchandising Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa	2.400,00€	1.920,00€	480,00€
<b>TOTAL</b>		<b>31.250,00 €</b>	<b>25.000,00 €</b>	<b>6.250,00 €</b>

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo está integrada polos concellos de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei, Lugo – zona rural - e Rábade.

Que o xeodestino Comarca de Lugo-Terras da Ulloa está composto polos concellos de Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

Na Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Comarca de Lugo-Terras da Ulloa, polo que todos os concellos



que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

**Terceiro.-** Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Comarca de Lugo-Terras da Ulloa as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia.

**Cuarto.-** Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiarase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase á Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa



convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

